

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPTE Nº:
2022/G007/000013.**

Excma. Sra. D.ª Lara Méndez López, alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar no salón de sesión da Casa do Concello, sita na praza Maior, número 1, o vindeiro **venres**, día 16 de decembro de 2022, **ás 11,00 HORAS**, de acordo coa seguinte **orde do día**:

1/168 ORZAMENTO XERAL 2023.

2/169 APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE LUGO NA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DA FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD DEL MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓXICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO, PARA A ACTUACIÓN DO ITINERARIO EXTERIOR DO PARQUE LINEAL VERDE DE LUGO - PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. C.P. 23XX000015.

Xustifícase o carácter extraordinario da sesión na perentoriedade de resolver os asuntos que figuran na orde do día.

Notifíqueseles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta, dona Lara Méndez López.